

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Enfermería [S] [L] – INTERCAMPUS

Curso Académico: 2022 - 2023

Grao en Enfermaría [I]

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados
 - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

Grao en Enfermaría [I]

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Enfermaría [INTERCAMPUS]
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Enfermaría
Centro/s onde se imparte	Facultade de Enfermaría
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	240
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2009
Data acreditación ex ante (verificación)	11/07/2017
Data renovación acreditación	22/06/2009

Grao en Enfermaría [I]

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1) A demanda e nota media para poder cursar o grao de enfermaría na Facultade de Santiago de Compostela (USC) e na Escola de Enfermaría de Lugo mantense elevada, seguindo a tendencia de cursos anteriores. A matrícula é superior ás prazas ofertadas (Táboa 01-05).

Táboa 01. Nota media de acceso por preinscrición

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN06G	Nota media de acceso por preinscrición*	Santiago	11.09	11.42	11.53	11.84	12.2	12.62	12.42
		Lugo	10.16	9.98	10.46	10.65	11.35	11.68	11.62

* Nota media de acceso por preinscrición dos estudantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada, informando sobre a nota media de acceso ao título.

Táboa 02. Prazas ofertadas

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN01G	Prazas ofertadas*	Santiago	150.0	150.0	150.0	150.0	150.0	150.0	150
		Lugo	68.0	68.0	68.0	68.0	68.0	70.0	83

*Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudantes na USC.

Táboa 03. Matrícula

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN02G	Matrícula*	Santiago	585.0	571.0	565.0	569.0	569.0	584.0	167.0(3ªed) 371
		Lugo	261.0	237.0	223.0	214.0	209.0	219.0	151.0

* Número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade *incoming*. Inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no título.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermaría.

Táboa 04. Matrícula de acceso

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN03G	Matrícula de acceso*	Santiago	177.0	183.0	174.0	183.0	176.0	180.0	169.0
		Lugo	56.0	58.0	63.0	49.0	58.0	64.0	86

* Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción. Achega información sobre a captación de estudantes en calquera curso da titulación.

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 05. Matriculación de novo ingreso por preinscrición

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN04G	Matriculación de novo ingreso por preinscrición	Santiago	160.0	166.0	162.0	168.0	159.0	167.0	169.0
		Lugo	51.0	55.0	55.0	47.0	54.0	55.0	86.0

*Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, trasladados ou adaptacións desde plans en extinción. Achega información sobre a captación de estudantes do primeiro curso.

2) Dende o punto de vista académico e profesional, o interese pódese evidenciar, principalmente, pola demanda do título por parte do sector público e o seu interese para a sociedade:

- O informe sobre profesionais de enfermería, oferta-necesidade 2010-2025, elaborado polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade

([https://www.sanidad.gob.es/areas/profesionalesSanitarias/profesionales/necesidadEspecialistas/docs/21-NecesidadesEnfermeras\(2010-2025\).pdf](https://www.sanidad.gob.es/areas/profesionalesSanitarias/profesionales/necesidadEspecialistas/docs/21-NecesidadesEnfermeras(2010-2025).pdf)),

establece que, a pesar de que a cociente de profesionais de enfermería, tanto do sector público como privado, por 1000 habitantes ten unha leve tendencia crecente, este mantense en cifras inferiores á media dos países da OCDE. Do mesmo xeito, este informe indica que os cambios organizativos no sistema sanitario, como o incremento da atención ambulatoria e domiciliaria, e as novas estratexias de coidados, deben ser tidas en conta na planificación dos recursos humanos. Cabe sinalar neste punto, a proxección da poboación do INE, que estima un aumento da taxa de dependencia, o que incrementaría a carga asistencial dos profesionais de enfermería.

- O informe sobre a situación da enfermería no mundo 2020, Investir en educación, emprego e liderado, elaborado pola Organización Mundial da Saúde, o Consello Internacional de Enfermeiras e Nursing Now, (<https://www.who.int/es/publications/i/item/9789240003279>) subliña a importancia de que o persoal de enfermería forme parte de equipos integrados para facer contribucións decisivas á cobertura sanitaria universal e a outros obxectivos de saúde nacionais e mundiais. Destaca, a nivel Europa e Américas, a ameaza adicional que supón o envellecemento do seu persoal de enfermería, e que varios países de rexións de ingresos altos (entre os que se engloba Europa), parecen depender excesivamente da mobilidade internacional da enfermería. Establece tamén este informe, a necesidade de que os gobernos nacionais promovan unha aceleración de esforzos co fin de reforzar as capacidades de liderado, boa gobernanza e xestión do persoal de enfermería co fin de fomentar programas pertinentes en formación teórica, saúde, emprego e cuestións de xénero, así como de xerar investimentos cuantiosos no persoal de enfermería e aprobeitala para obter distintos resultados de desenvolvemento (creación de emprego, as cuestións de xénero e o empoderamento dos mozos) puntos chave nos cales a formación durante o grao cobra unha especial importancia.

O interese social da titulación tamén queda reflectido na demanda do Título por parte dos estudantes. O grao de Enfermaría atópase entre as titulacións máis demandadas, esgotándose na primeira convocatoria (xullo) tódalas prazas ofertadas.

3) En canto ao interese científico da profesión, cabe resaltar que a Ciencia Enfermeira estableceuse como unha ciencia consolidada dentro do campo das Ciencias da Saúde, cuxa investigación básica e aplicada xerou un corpo específico de coñecemento sobre o coidado enfermeiro. Tal e como sinalan Castro Simian (<https://www.elsevier.es/es-revista-revista-medica-clinica-as-condes-202-articulo-a-enfermeria-e-a-investigacion-S0716864018300531>) a xestión e execución dos coidados de enfermería deben estar sustentadas e xustificadas en evidencia científica e, por tanto, faise necesario que os profesionais da enfermería desenvolvan investigación, para contribuír nos fundamentos do seu quefacer. A Ciencia Enfermeira mantén unha estreita relación con outras disciplinas, xa sexan do mesmo ou doutro campo de coñecemento, como as Ciencias Sociais ou Humanidades. A pesar de que o papel investigador dentro do perfil do profesional de enfermería está presente practicamente desde a consolidación da disciplina, durante os últimos anos cobrou unha especial importancia, sendo cada vez maior o número de profesionais que se especializan neste campo.

Do mesmo xeito, son cada vez máis as organizacións que se establecen para a investigación específica na Ciencia Enfermeira, en colaboración con outros profesionais, como o Instituto Español de Investigación Enfermeira (<https://www.ieinstituto.es/>), a Unidade de Investigación en Coidados e Servizos de Saúde do Instituto de Saúde Carlos III

Grao en Enfermería [I]

(<https://www.isciii.es/quienessomos/centrospropios/investen/paginas/default.aspx>),

ou a Fundación para o desenvolvemento da enfermmería (<https://www.fuden.es/>), demostrando así o empoderamento da profesión neste campo.

No noso entorno a Facultade de Enfermería conta con 2 grupos de investigación ("Dependencia, xerontoloxía e xeriatría" e "Enfermería clínica, urxencias, simulación e innovación docente"). Ademais, no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela atópase o grupo de investigación en "Enfermería, xestión e coidados" coordinado por profesorado da Facultade de Enfermería da USC.

4) Coa recente actualización do **Plan de estudos do Título de Grao en Enfermería**

(https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230323/AnuncioG2018-140323-0001_es.html) realizouse unha revisión e actualización dos contidos das súas materias e oferta de optatividade baseada en requisitos da profesión que se reflicen no novo plan de estudos. No curso 2021-2022 iniciouse a posta en marche deste novo plan de estudos (3ª edición) afectando á organización e ás materias do primeiro curso.

Polo tanto a titulación de Grao en Enfermería mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos e necesidades do seu ámbito académico, científico e profesional.

1.2.- O plan de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-enfermaria/calidade/documentacion-sgc>) e nas sucesivas modificacións.

Anualmente os Departamentos implicados na docencia do título aproban as guías docentes nas que se recollen as competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación e que se poden consultar na páxina web da USC (<https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-salud/grado-enfermeria>). Tras esta aprobación, a Xunta de Facultade e da Escola revisan que as guías estean conformes co establecido na Memoria Verificada do Título. As necesidades e requisitos da profesión regulada e a alta inserción laboral dos egresados que causa a inmediata incorporación ao mercado laboral dos recién graduados implica a necesidade continua da revisión e valoración das competencias adquiridas polo alumnado. Ademais, a análise exhaustiva da titulación polo novo plan de estudos contribuíu á mellora deste aspecto.

Con respecto aos grupos, a pesar de ser establecidos de forma estimativa, téntase que o tamaño dos mesmos sexa o máis homoxéneo posible. Os tamaños dos grupos de docencia interactiva pódense ver no indicador ING32 (Táboa 06), en Lugo lixeiramente superior a Santiago. Aínda que o nº de alumnos/as dos grupos de laboratorio e de seminario seguen sendo elevados trátase de que se adecúen ás actividades formativas impartidas na docencia de seminario e laboratorio. A limitación ven dada principalmente polo espazo dispoñible e a falta de profesorado, os espazos e a posibilidade de facer máis grupos de docencia interactiva condicionan estes valores.

Grao en Enfermería [I]

Táboa 06. Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva


Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN32G	Media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva*	Santiago	18.08	18.54	17.89	18.94	19.49	20.28	27.9 (3ªed) 14.9
		Lugo	17.03	15.67	27.92	24.35	17.66	28.35	34.85 (3ªed) 26.21

* Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva
3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

No curso 2022-2023 existían no Centro os seguintes convenios de mobilidade:

- SICUE 40 centros con un total de 73 prazas
- ERASMUS 12 centros (7 en Portugal, 1 en Italia, 1 Polonia, 1 en Grecia e 1 en Finlandia)

Figura 01. Mobilidade Saínte



Fonte: INF 03 Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade

Na Escola de Enfermería de Lugo e na Facultade de Santiago séguese aumentando o número de convenios con outras universidades, tanto a nivel nacional como internacional, e parece que os nosos programas formativos resultan de interese para os estudantes de fora, polo que se espera una recuperación neste senso.

Os convenios de mobilidade ERASMUS están condicionados polas diferencias entre as titulacións de Enfermería e polas funcións asistenciais dos enfermeiros/as dos países da Unión Europea. Estas cuestións obrigan ao centro a buscar Universidades nas que existan titulacións con características similares ao Grao en Enfermería da USC e nos cales os seus profesionais teñan funcións asistenciais parecidas ás dos enfermeiros/as en España, isto último é importante á hora do recoñecemento dos créditos prácticos. No noso centro a carga de créditos prácticos en 3º e 4º (cursos académicos onde se realiza a mobilidade ERASMUS) é moi elevada polo que temos que buscar Universidades nas cales a titulación de Enfermería teña competencias e contidos similares.

Outra cuestión que condiciona os acordos de mobilidade Europea é o idioma esixido na convocatoria, nalgúns centros para poder acceder á convocatoria é preciso acreditar o nivel B1 de Inglés pero despois as clases realízanse no idioma local (por exemplo, rumano, grego ou polaco) o que dificulta o seguimento da docencia por parte do alumnado.

Con respecto á mobilidade SICUE a existencia de plans de estudos máis homoxéneos (regulados pola Orden CIN/2134/2008) estre as diferentes Universidades facilita o acordo académico.

A participación do alumnado nos programas de mobilidade mostrase na táboa 07 a través dos indicadores IN17G e IN18G observándose o impacto da pandemia pola COVID-19 no curso 2020-2021. No curso 2022-2023 obsérvase un aumento da porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade. A mobilidade entrante pódese observar na figura 02 e figura 03.

Grao en Enfermaría [I]


Táboa 07. Mobilidade

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN17G	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados*	2.36	2.72	-	-	-	-	-
IN18G	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados**	2.25	2.1	4.95	3.32	0.13	3.11	9.43

* Número de estudantes enviados desde a USC nesa titulación a outras universidades (programas Sócrates-Erasmus, SICUE e outros convenios) dividido entre o número de estudantes matriculados no título. Permite coñecer a participación de estudantes en programas de mobilidade.


** Número de estudantes recibidos na USC nesa titulación procedentes doutras universidades (programas Sócrates-Erasmus, SICUE e outros convenios) dividido entre o número de estudantes matriculados no título. Permite coñecer a participación de estudantes en programas de mobilidade.

Figura 02. Mobilidade Entrante



Fonte: INF 03 Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade

Figura 03. Mobilidade Entrante SICUE



Fonte: INF 03 Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.

Grao en Enfermaría [I]

- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A coordinación horizontal e vertical viuse reforzada polo novo plan de estudos debido a que estes aspectos se traballaron na Comisión de Titulación durante o proceso de modificación do mesmo.

Coordinación horizontal: a figura de coordinador de área e coordinadores de materias, na Facultade de Enfermaría, facilitou nos últimos cursos académicos o cumprimento das competencias de cada materia, así como a organización da docencia. Dende o curso 2016/2017 incrementouse a coordinación horizontal entre Santiago e Lugo facilitando a unificación de contidos das materias en ambas facultades. A coordinación a nivel de centros é fluída e eficiente e lévase a cabo nas reunións que a comisión do título intercentros leva a cabo durante o curso académico, coa participación de ambos equipos decanais e outros membros designados polos centros.

A coordinación horizontal tamén se viu reforzada en 4º curso en concreto no TFG a raíz da *“Resolución reitoral sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais”*. Tendo en conta as características dos traballos de investigación propostos nos TFGs, a comisión permanente da Facultade de Enfermería e a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza actuaron de forma coordinada para a valoración dos traballos, realizando unha función de análise revisión e asesoramento ao alumnado e profesorado sobre o cumprimento dos requisitos esixidos, mediante un informe previo á emisión do informe definitivo polo Comité de Bioética.

Na Facultade de Enfermería, no curso académico 2022-2023, reforzouse a coordinación horizontal en 3º curso a través da figura do coordinador de curso.

Coordinación vertical: existe coordinación entre as materias de distintos cursos académicos coa finalidade de evitar duplicidades. Esta coordinación vertical viuse reforzada con novo plan de estudos, durante a elaboración do mesmo a Comisión de Titulación da Facultade de Enfermería e a Intercentros (Santiago-Lugo) realizou unha análise en profundidade dos contidos das materias coa finalidade de evitar duplicidades e reforzar os aspectos fundamentais da titulación así como garantir a adquisición das competencias establecidas na memoria do título.

As Prácticas Tuteladas do Grado de Enfermaría da Facultade de Santiago, lévanse a cabo en Centros hospitalarios e Centros de Atención Primaria.

Para a obtención do título de graduado en Enfermería é necesario cursar 84 dos 240 créditos totais, en contornas clínicas. Previamente, o alumnado recibe formación acerca das diferentes técnicas e procedementos mediante docencia de laboratorio na facultade onde adquiren as habilidades adecuadas para poder aplicalas no ámbito clínico.

O itinerario curricular das prácticas tuteladas vai dirixido a afianzar coñecementos, incorporar valores profesionais e adquirir competencias técnicas e está estruturado en 6 materias (84 créditos) a realizar ao longo de 2º, 3º e 4º curso.

Estas prácticas tuteladas desenvolveranse en diferentes contextos como son, unidades de hospitalización, atención primaria, atención especializada, unidades de críticos, urxencias, Saúde mental, etc.... de forma gradual en función das competencias que o alumnado debe adquirir.

Os centros sanitarios para a realización destas serán aqueles que marque o concerto asinado entre a Consellería de sanidade da comunidade autónoma de Galicia e a USC.

Nos últimos cursos, e ante a complexidade da organización, aumentouse o PDI encargado da coordinación. Actualmente o persoal implicado nas prácticas tuteladas en Santiago é o seguinte

- Equipo coordinador de prácticas, formado por un coordinador xeral e un coordinador por cada curso (2º, 3º e 4º)
- Profesores asociados de Ciencias da Saúde (PACS). Son os encargados do seguimento e avaliación das prácticas (no Curso 2022-2023 a titulación contou con 40 PACS).
- Colaboradores docentes. Son profesionais que colaboran voluntariamente na formación tutelando e avaliando ao alumnado (no Curso 2022-2023 a titulación contou con 739 colaboradores docentes).

O Acordo do Consello de Goberno de 5 de maio de 2011 aproba a normativa sobre deportistas de alto nivel (DAN) da

Grao en Enfermería [I]

Universidade de Santiago de Compostela. Esta normativa establece as medidas de orde académica para facilitar a plena integración dos deportistas no mundo universitario, ao mesmo tempo que permita garantir unha adecuada compatibilidade nos seus estudos coa súa actividade deportiva <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/deporte/deportistas-alto-nivel-dan-usc>. Na Facultade de Enfermería estableceuse a figura de titor académico para o alumnado DAN a través do secretario do Centro. O titor/a académico/a encárgase de facer efectiva a compatibilización dos estudos coa preparación ou actividade deportiva das/os deportistas de alto nivel ou alto rendemento. A través desta titorización tramítanse as solicitudes relativas a cambios de horarios, grupos, titorías, exames e permanencias que sexan necesarios para facer compatibles os estudos co adestramento diario. No curso titorizáronse 3 alumnos/as. Na Escola de Enfermería de Lugo tamén existe a figura de titor para alumnado DAN, no curso 2022/2023 3 alumnos/as solicitaron a titorización.

Na Escola de Enfermería de Lugo realízase unha coordinación de forma horizontal, cun profesor responsable encargado de coordinar as materias teóricas da titulación por curso, para velar pola coherencia dos contidos do título; planifícanse reunións anuais, con grupos de profesores coordinadores das materias de cada curso académico, consensuando os contidos para evitar duplicidades.

As prácticas tuteladas contan coa figura do coordinador xeral de prácticas, que realiza a distribución dos estudantes nos hospitais e centros de saúde; e un profesor coordinador en cada materia práctica (profesores da Escola con dedicación completa) que realizan a avaliación global de cada unha delas; que inclúe a cualificación outorgada polos titores de prácticas (que se corresponden cos supervisores de unidade dos hospitais e centros de saúde onde realizan as mesmas), a valoración do Diario Reflexivo do Estudiante e una avaliación a través de probas escritas realizadas na aula. Estes coordinadores tamén resolven as incidencias que ocorran durante o período de prácticas.

As Prácticas tuteladas están deseñadas por niveis de adquisición de competencias en dificultade crecente, tal e como se recolle nas guías docentes e nas follas de avaliación de competencias.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Perfil real de ingreso - Medio de acceso

Na Memoria do Título do Grao, en relación ao perfil de ingreso, faise fincapé na importancia da vocación nas titulacións de Ciencias da Saúde, e en especial no Grao en Enfermería. O indicador IN10G (Táboa 08), a priori, podería proporcionar datos en canto a vocación do alumnado. Sen embargo, e posible que o descenso que se mostra se deba á elevada nota de corte que se precisa, Lugo (11.68), Santiago (12.62) e a crecente demanda por titulacións da rama de Ciencias da Saúde

A información sobre o perfil real de ingreso mostrase nas táboas 08, 09 e 10

Táboa 08. Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN10G	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas*	Santiago	29.33	35.33	34.0	32.67	30.0	24.0	34.67
		Lugo	44.12	45.59	48.53	36.76	41.18	38.57	55.42

* Número de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez dividido entre as prazas ofertadas. Este indicador só se proporciona para titulacións de Grao. Proporciona información sobre a captación de alumnos.

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 09. Preferencia Santiago

Curso 2022-23		1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª	10ª
Solicitudes	Alumnos	601	940	667	370	186	112	115	54	8	4
	Porcentaxe	19.7%	30.7%	21.8%	12.1%	6.1%	3.7%	3.8%	1.8%	0.3 %	0.1%
Matrícula	Alumnos	54	92	19							
	Porcentaxe	32.7%	55.8%	11.5%							

Fonte:  

Táboa 10. Preferencia Lugo

Curso 2022-23		1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª	7ª	8ª	9ª	10ª
Solicitudes	Alumnos	233	275	387	491	325	252	138	86	16	12
	Porcentaxe	10.5%	12.4%	17.5%	22.2%	14.7%	11.4%	6.2%	3.9%	0.7%	0.5%
Matrícula	Alumnos	46	21	13	8	2					
	Porcentaxe	51.1%	23.3%	14.4%	8.9%	2.2%					

Fonte:  

A demanda da titulación é elevada (Táboa 09 e 10), existindo un importante número de solicitudes en 1º opción en ámbolos 2 centros. Observamos un aumento da relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas. Non obstante os centros e a Universidade seguen realizando actividades previas á matriculación para que exista un maior coñecemento sobre os estudos de Grao en Enfermería e unha maior visibilización da profesión.

Canles de difusión para informar aos potenciais estudantes sobre a titulación e sobre o proceso de matriculación:

A USC conta cun programa específico de información e difusión da súa oferta de estudos a través dun perfil específico na súa páxina web dirixido a futuros estudantes (<http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/index.html>)

Os centros están incluídos no programa de información e orientación nos Centros de Ensino Medio de Galicia, denominado “Programa A Ponte” (<http://www.usc.es/gl/perfis/futuros/aponte>), en cuxo marco o profesorado universitario imparte charlas informativas nestes centros, e organízanse “Xornadas de Puertas Abertas” nas que os futuros estudantes visitan as Facultades, centros e instalacións da USC.

A información relativa ao acceso á Universidade e a matrícula facilítase por dúas vías: A través da Comisión Interuniversitaria de Galicia (órgano consorciado participado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia e as tres Universidades Públicas de Galicia, que xestiona o acceso ás Universidades, e a través da páxina web da USC, , que mantén información constantemente actualizada sobre a normativa de acceso, matrícula, oferta de titulacións, centros, servizos de apoio ao estudante, etc.

Ademais, a USC conta cunha oficina física, a Oficina de Información Universitaria (OIU), cunha unidade específica dirixida á orientación preuniversitaria.

A Universidade participa anualmente en Feiras e Exposicións de Universidades e Centros de Ensino Superior, tanto a nivel galego como español e internacional, para promocionar a súa oferta de estudos.

Por último, os centros organizaron durante o curso 2022-2023 actividades específicas vinculadas ao Grao en Enfermería destinadas a visibilizar a titulación e a profesión, optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe, adquisición de competencias profesionais e o reforzo do compromiso cívico-social coa comunidade:

Grao en Enfermaría [I]

Santiago

- **Xornadas do 12 de maio de 2023 polo día internacional da Enfermería.** Co obxectivo de visibilizar a profesión realizouse un cribado de saúde, educación para a saúde e unha enquisa sobre os coñecementos da poboación sobre a profesión Enfermeira no Campus Sur de Santiago de Compostela, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e no Centro de Saúde Concepción Arenal. Mais de 130 alumnos/as de 1º do Grao de Enfermería da Facultade de Santiago de Compostela participaron nesta actividade realizando os procedementos mencionados e a enquisa a 350 persoas.
- **VI Xornadas sobre saídas profesionais.** Xornada de orientación laboral e académica de Posgrao para os alumnado de cuarto curso onde se tratan temas como a Inserción Laboral no Ámbito público; Axudas para actividades de Posgrao na USC; Especialidades e Ofertas de Emprego de Centro Privados e no estranxeiro.
- **Actividades vinculadas a materias do plan de estudos (Táboa 11)**

Táboa 11. Actividades vinculadas a materias do plan de estudos

Materia vinculada	Período na que se realizou	Participantes	Breve descripción
Ciencias Psicosociales Aplicadas	Segundo cuatrimestre	Alumnado de 1º curso (n=9)	<i>Actividades INTERxeracionais para o Desenvolvemento de Competencias DIXITAIS dos Adultos Maiores do Ensanche de Compostela-INTERDIXITAIS.</i> Proxecto de aprendizaxe e servizo (APS) en colaboración con Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL) e coa Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer (AGADEA) Obxectivos: 1) Promover competencias dixitais nas persoas maiores 2) Promover un estilo de vida activo e participativo nas persoas maiores 3) Contribuír ó enriquecemento do tecido social comunitario 4) Traballar aspectos relacionados coa saúde dixital/ e-saúde de especial impacto nas persoas maiores. 5) Previr o edadismo e promover unha perspectiva do ciclo vital que sirva para entender e despatoloxizar os cambios ó longo da adultez e da vellez 6) Promover o desenvolvemento da pedagogía xerontolóxica e da enfermería xeriátrica a través da sensibilización do alumnado das facultades

Lugo

- **Xornadas sobre saídas profesionais.** Na Escola Universitaria de Lugo realízase anualmente unha Xornada de orientación laboral e académica de Posgrao para o alumnado de cuarto curso que leva por título "Actividades Universitarias de Posgrao e Inserción Laboral" onde se tratan temas como a Inserción Laboral no Ámbito público; Axudas para actividades de Posgrao na USC; Colexición e Especialidades e Ofertas de Emprego de Centro Privados e no estranxeiro, e o último relatorio e sobre a Enfermería militar. Cada un dos relatores son expertos nos temas, con asistencia de 100% dos estudantes.

-**Xornadas Internacionais de Enfermería no hospital Universitario Lucus Augusti** onde se abordan temas de interese no ámbito da docencia, investigación e innovación en saúde

- **Curso de verán da USC.** O contido deste curso xira no ámbito da prevención do risco cardiovascular. No curso 2022/2023 celebrouse a segunda edición.

Grao en Enfermaría [I]

Perfil de Ingreso – Nota media de acceso

As táboas 12,13,14,15,16 e 17 mostran datos sobre o perfil de acceso por cota en Santiago e Lugo

Táboa 12. Perfil ingreso por cota Santiago

Cota	Prazas	Solicitudes	Admitidos/as	Matriculados		
				Alumnado	matric.(%)	mulleres(%)
Xeral	127	2.832	365	155	122%	73%
Titulados universitarios	2	135	7	3	150%	100%
Maiores de 25 anos	3	24	5	3	100%	100%
Maiores de 40 anos	2				0%	
Maiores de 45 anos	3				0%	
Deportistas	5	46	9	3	60%	33%
Discapacitados	8	20	3	1	12%	100%
Total	150	3.057	389	165	110%	73%

Fonte:  

Táboa 13. Cota xeral Santiago

Ensinanza de acceso	Solicitudes	Admitidos	Matriculados	
			Alumnos	% alumnos
Bacharelato	2.286	316	123	79%
Formación Profesional	586	49	32	21%

Fonte:  

Táboa 14. Nota de admisión dos alumnos matriculados Santiago

Ensinanza de acceso	Nota media	Nota de admisión dos alumnos matriculados		
		[11,12]	[12,13]	[13,14]
Bacharelato	12,425	19	93	11
Formación Profesional	12,394	5	22	5

Fonte:  

Táboa 15. Perfil ingreso por cota Lugo

Cota	Prazas	Solicitudes	Admitidos/as	Matriculados		
				Alumnado	matric.(%)	mulleres(%)
Xeral	71	2050	171	85	120%	74%
Titulados universitarios	1	116	1	1	100%	100%
Maiores de 25 anos	2	13	2	2	100%	50%
Maiores de 40 anos	1				0%	
Maiores de 45 anos	2				0%	
Deportistas	2	27	2	2	100%	100%
Discapacitados	4	9	1	0	0%	0%
Total	83	2.215	177	90	108%	74%

Fonte:  

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 16. Cota xeral Lugo

Ensinanza de acceso	Solicitudes	Admitidos	Matriculados	
			Alumnos	% alumnos
Bacharelato	1.240	88	45	70%
Formación Profesional	446	27	19	30%

Fonte:  

Táboa 17. Nota de admisión dos alumnos matriculados Lugo

Ensinanza de acceso	Nota media	Nota de admisión dos alumnos matriculados		
		[11,12]	[12,13]	[13,14]
Bacharelato	11,676	40	5	0
Formación Profesional	11,723	16	3	0

Fonte:  

A titulación de Grao en Enfermería do campus de Santiago de Compostela incrementou as solicitudes un 9.8% (de 2.784 a 3.057). Con respecto a Lugo, tamén se produxo un incremento das solicitudes dun 17.6% (de 1.825 a 2.215).

A nota media de acceso é alta o que supón que os estudantes de novo ingreso contan con un nivel de coñecementos e competencias adquiridas no bacharelato óptimo. En canto a evolución da nota en Santiago ten unha tendencia crecente, cabe destacar que un número importante de alumnado matricúlase en Enfermería por non ter nota suficiente para acceder a outras titulacións da rama das Ciencias da Saúde que se ofertan no Campus de Santiago de Compostela.

Perfil de Ingreso – Procedencia Xeográfica

A información sobre procedencia xeográfica do alumnado dos 2 centros atopase nas táboas 18, 19 e na figura 04

Táboa 18. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados

Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN08G	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados*	Santiago	0.85	1.05	0.88	0.88	1.41	1.03	1.18 (3ªed) 1.35
		Lugo	0.38	0.84	0.9	0.93	0.96	0.0	0.0

* Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Táboa 19. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados


Código indicador	Nome indicador	Centro	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN09G	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	Santiago	4.44	5.08	4.96	5.27	5.62	5.31	11.24 (3ªed) 5.39
		Lugo	12.64	15.61	18.83	21.96	29.67	36.99	60.47 (3ªed) 41.06

* Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*. Amosa información sobre o perfil de ingreso do alumnado e a súa procedencia.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Grao en Enfermaría [I]

Figura 04. Procedencia xeográfica dentro da comunidade autónoma de Galicia



1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise xeral da implantación de cambios normativos no Grao en Enfermería da USC parece indicar unha eficacia manifesta nos resultados da titulación. A aprobación e aplicación do [regulamento de matriculación, preparación e defensa do TFG da Facultade de Enfermería da USC](#) o 28/06/2017 aumenta a eficiencia académica a través de criterios obxectivos como a elección do titor do TFG a través do ranking do expediente académico do estudante, ademais, o [Regulamento de réximen interno](#) (Aprobado en Consello de Goberno o 21-06-2019) contribúe á organización da titulación. Outras medidas como a avaliación da titoría dos estudantes e os tribunais a través de criterios obxectivos tamén poderán favorecer este incremento.

Na Escola de Enfermería de Lugo desde o inicio da titulación de grao, os estudantes seleccionan o tema do TFG e o titor, segundo a nota do expediente académico; este sistema foi moi ben aceptado polos estudantes. No relativo aos distintos tribunais e os días de defensa do TFG, son seleccionados ao chou pola representante dos estudantes. En canto a formación complementaria do estudante, vense realizando todo os cursos unha xornada de formación para actualización de coñecementos en metodoloxía da investigación, dedicada aos estudantes de cuarto curso, que van a realizar o TFG.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Grao en Enfermaría [I]

- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información do título de Grao en Enfermaría é visible, facilmente localizable e expresada con claridade. Diferenciamos distintos niveis de información: páxina web da Facultade e na páxina web da Escola; correo web do alumnado; aula virtual. Estes niveis están sendo complementados coas redes sociais (facebook, twitter, instagram...). Ademais da información académica recóllese outra que pode ser de interese para a comunidade (concursos, charlas, cursos...), ofertas de emprego e enlaces a distintas institucións.

Os enlaces na web son:

Facultade de Santiago

http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=15968&codEstudio=15392&valor=9
(información en galego)

http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_stgo/titulacions.html?plan=13115&estudio=15968&codEstudio=15392&valor=9
(información en castelán)

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-enfermaria/horarios>

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-enfermaria/practicass>

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-enfermaria/tfg>

Escola de Lugo

http://www.usc.es/gl/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=15982&codEstudio=15398&valor=9
(información en Galego)

http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/titulacions.html?plan=13304&estudio=15982&codEstudio=15398&valor=9
(información en castelán)

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-universitaria-enfermeria/calendarios/convocatorias>

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-universitaria-enfermeria/horarios>

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-universitaria-enfermeria/practicass>

<https://www.usc.gal/es/centro/escuela-universitaria-enfermeria/tfg>

A información está actualizada e é accesible a todos os grupos de interese. Sinalar que se están diminuindo os tempos de espera para dar resposta a tódalas solicitudes de información, tratando de lograr que os procesos sexan cada vez máis dilixentes e eficientes.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.

- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. Procedementos: Anualmente, a Comisión do Título e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analiza os resultados do título e compáraos co establecido na Memoria. Establece as Accións de Mellora que tratan de corrixir as diverxencias detectadas. Periodicamente teñen lugar reunións para analizar o grao de execución das Accións de Mellora.

2. Accións: existe coordinación neste senso entre la Facultade de Santiago e a Escola de Lugo

4. Avaliación e mellora da calidade: é, principalmente, a través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado coa docencia recibida e impartida, respectivamente. Ademais, as taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia, como se establecen accións de mellora da calidade da ensinanza e o profesorado.

5. Suxestións e reclamacións: O procedemento de suxestións e reclamacións é conforme ao establecido na memoria e réxese pola Normativa xeral da Universidade, que establece 3 canles de recepción:

- A través da Oficina de Análise de Reclamacións
- A través do Valedor da Comunidade Universitaria
- A través do Decanato e a Dirección da Escola

A Facultade e a Escola, coa finalidade de facilitar a comunicación de suxestións e reclamacións, estableceron na páxina web do centro un apartado específico para o envío das mesmas.

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/dereitos>

No curso 2022/2023, presentáronse as seguintes reclamación na Facultade de Santiago de Compostela:

Táboa 20. Reclamacións Facultade Enfermería de Santiago de Compostela

Asunto	Resolución
Reclamación colaboración docente	Desestimada
Asignación destino Prácticas Tuteladas a alumnado de intercambio	Desestimada
Reclamación de dereito a exame sen asistencia a docencia expositiva	Desestimada
Asignación de espazos para docencia	Admitida parcialmente

No curso 2022/2023 na Escola de Enfermaría de Lugo foron recibidas 3 reclamacións en relación cos informes de convalidación académicas. Todas as reclamación foron admitidas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título. Como consecuencia do proceso de renovación da acreditación establece un plan de melloras seguindo as recomendacións da Axencia de Calidade. Entre elas programouse unha que leva á modificación da Memoria do título no que se refire ao Sistema de Avaliación. Trátase de simplificar o establecido no mesmos para dar mais marxe aos docentes para a elaboración das Guías Docentes de cada ano. Isto redonda na eficacia do título ao posibilitar que o docente adapta cada ano o seu sistema de avaliación as necesidades do momento.

O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados. Periodicamente a Comisión de Calidade fai un seguimento do estado de execución das Accións de Mellora, analizando ao finalizalas se foron ou non eficaces. No caso de non ser eficaces establécense novas accións de Mellora.

Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión de Calidade elabora anualmente a Memoria de Calidade na que se recolle a análise e revisión do Sistema de Garantía de Calidade.

Santiago: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-enfermaria/calidade/documentacion-sgc>

Lugo: <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-universitaria-enfermaria/calidade/documentacion-sgc>

A composición da Comisión de Calidade garante a participación de todos os interesados, incluíndo entre os membros ao PDI, PAS e estudantes da Facultade. Na Escola de Enfermaría de Lugo participan todos os interesados (profesorado, persoal de administración e alumnado)

As enquisas ao alumnado e ao profesorado da Facultade, e en relación á xestión da calidade, proporcionan información de interese relativo, dado que teñen moi baixa participación.

Táboa 21. Grao en Enfermaría Satisfacción do alumnado coa titulación (Preguntas)

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?	3.35	3.80	4.21	4.03
Consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?	3.00	3.30	3.79	3.81
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos	3.29	3.60	4.29	4.03
Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro.	2.53	3.20	3.50	3.00

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 21. Grao en Enfermaría Satisfacción do alumnado coa titulación (Preguntas) (Cont.)

Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	2.29	3.20	3.79	3.13
As infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?	2.29	2.80	2.86	2.90
O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?	3.24	3.50	4.14	3.97
Os horarios deste cursos foron axeitados?	3.06	2.85	3.50	2.97
A carga de traballo está ben distribuída?	2.35	2.75	3.07	2.16
O calendario de probas de avaliación é razoable?	3.81	3.20	4.00	3.03
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos.	2.88	3.15	3.71	3.32
En xeral, considero que a titulación está ben organizada.	2.47	2.70	3.43	2.85
A oferta e prácticas é atractiva?	3.88	3.55	4.21	4.06
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso.	3.12	3.20	3.86	3.35

Táboa 22. Grao en Enfermaría Satisfacción do alumnado coa titulación (Valoración global e participación)

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	2.97	3.20	3.74	3.33
Porcentaxe de participación	3.97%	4.98%	3.28%	8.01%

Táboa 23. Grao en Enfermaría Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2019/200	2020/201	2021/202	2022/2023
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	4.45	4.17	3.96	4.15 (3ªed) 4.11
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	4.59	4.43	4.35	4.54 (3ªed) 4.54
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	3.76	3.77	3.77	4.15 (3ªed) 3.78
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	3.38	3.64	3.37	4.00 (3ªed) 3.77
O campus virtual facilita a miña labor docente?	4.31	4.61	4.30	4.46 (3ªed) 4.41
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	3.72	3.91	3.70	4.23 (3ªed) 3.96
Os horarios existentes son axeitados?	4.14	4.39	4.00	4.38 (3ªed) 4.04
A carga de traballo está ben distribuída?	4.14	3.83	3.67	4.08 (3ªed) 4.00
O calendario de probas de avaliación é razoable?	4.41	4.52	4.15	4.31 (3ªed) 4.50

Grao en Enfermería [I]

Táboa 23. Grao en Enfermería Satisfacción do profesorado coa titulación (Cont.)

As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	4.07	3.82	3.74	4.31 (3ªed) 3.65
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	4.14	4.17	3.92	4.15 (3ªed) 4.37
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	4.28	4.05	4.11	4.46 (3ªed) 4.26
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	4.34	4.26	3.96	4.31 (3ªed) 4.12
Valora a calidade docente da túa titulación.	4.28	4.17	4.11	4.54 (3ªed) 4.30
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	4.07	4.17	4.07	4.23 (3ªed) 4.26
O alumnado acode con regularidade ás clases?	4.07	4.13	4.15	4.08 (3ªed) 3.96
O alumnado implícase na titulación?	3.83	4.00	3.93	3.85 (3ªed) 3.70
O alumnado está satisfeito coa titulación?	4.17	4.04	4.15	4.31 (3ªed) 4.11
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación.	4.24	4.35	4.11	4.31 (3ªed) 4.22

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Táboa 24. Grao en Enfermería Satisfacción do profesorado titulación (Valoración global e participación)

Curso académico	2022/2023
Valoración global	4.26 (3ªed) 4.11
Porcentaxe de participación	29.55% (3ªed) 25.96%

Nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (Táboas 21 e 22), aspectos relacionados coas infraestruturas e materiais son os que teñen unha valoración máis baixa. Aínda que nos últimos anos realizáronse melloras nos equipamentos dos centros existe unha clara limitación neste aspecto, especialmente no relacionado co edificio da Facultade de Enfermería e que esperamos que se solucione co proxecto da Cidade da Saúde, iniciativa que vai mudar a concepción das infraestruturas da USC dedicadas á docencia, investigación e transferencia de coñecemento no eido das Ciencias da Saúde e que albergará a Facultade de Enfermería. Con respecto aos aspectos mellor valorados destaca a oferta de prácticas

Con respecto á valoración por parte do profesorado (Táboas 23 e 24), atopamos unha mellora na valoración de aspectos como aulas e equipamentos, participación para a mellora da calidade, organización da docencia e satisfacción global. Destaca unha valoración baixa na implicación do alumnado na titulación.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Grao en Enfermaría [I]

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil do persoal académico móstrase na táboas 25, 26, 27, 28, 29 e 30

Táboa 25. Plan de ordenación docente Santiago

Título: Grao en Enfermaría [S]		Centro: Facultade de Enfermaría [S]	RUCT: 2501105		
Tipoloxía do profesorado					
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas	
Predoutoral FIDIS	1	1.19%	30.0	0.15%	
Predoutoral Ministerio	1	1.19%	54.0	0.26%	
Predoutoral Xunta	3	3.57%	88.0	0.43%	
Profesor/a: Asociado/a de Ciencias da Saúde LOU	41	48.81%	17373.0	84.9%	
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	5	5.95%	401.0	1.96%	
Profesor/a: Catedrático/a de Escola Universitaria	1	1.19%	144.0	0.7%	
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	2	2.38%	194.0	0.95%	
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	12	14.29%	1006.0	4.92%	
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	3	3.57%	264.0	1.29%	
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	4	4.76%	310.0	1.51%	
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	2	2.38%	274.0	1.34%	
Profesor/a: Titular de Universidade	9	10.71%	326.0	1.59%	
Total	84	100%	20464.0	100%	
Profesorado por departamento e área					
Departamento	Área		Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría	[613] Medicina Legal e Forense		3	113	13
Electrónica e Computación	[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos		1	0	0
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[315] Farmacoloxía		4	4	4

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 25. Plan de ordenación docente Santiago (Cont.)

Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[255] Enfermaría	63	31	19
	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	11	16	13
	[770] Radioloxía e Medicina Física	2	6	5
Total		84	70	54

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2022/2023

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2023 Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 19/01/2023

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

Táboa 26. Plan de ordenación docente Santiago (3ºed)

Título: Grao en Enfermaría [S]		Centro: Facultade de Enfermaría [S]	RUCT: 2501105		
Tipoloxía do profesorado					
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas	
Posdoutoral Xunta	1	3.23%	12.0	0.62%	
Predoutoral Ministerio	1	3.23%	6.0	0.31%	
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	1	3.23%	48.0	2.49%	
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	9.68%	109.0	5.65%	
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	11	35.48%	795.0	41.19%	
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	5	16.13%	373.0	19.33%	
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	1	3.23%	80.0	4.15%	
Profesor/a: Titular de Universidade	8	25.81%	507.0	26.27%	
Total	31	100%	1930.0	100%	
Profesorado por departamento e área					
Departamento	Área		Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
Bioquímica e Bioloxía Molecular	[060] Bioquímica e Bioloxía Molecular		1	3	1
Ciencias Morfolóxicas	[027] Anatomía e Embrioloxía Humana		7	16	15
Electrónica e Computación	[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos		3	10	5
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa		3	7	2
Fisioloxía	[410] Fisioloxía		3	18	15
Micribioloxía e Parasitoloxía	[630] Micribioloxía		1	5	5
Psicoloxía clínica e Psicobioloxía	[680] Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos		1	0	1
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina	[255] Enfermaría		10	12	10
	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública		2	9	8
Total			31	80	62

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado. Datos do curso 2022/2023

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2023 Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 19/01/2023

O número total de PDI dun título pode ser inferior ao número desglosado por categorías no caso de producirse cambio de categoría ao longo do curso.

3ºed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 27. Plan de ordenación docente Lugo

Título: Grao en Enfermaría [L]		Centro: Escola Universitaria de Enfermaría [L]		RUCT: 2501105	
Tipoloxía do profesorado					
Categoría	Número	Porcentaxe número	Horas	Porcentaxe horas	
N/A	27	100%	3784	100%	
Total	27	100%	3784	100%	
Profesorado por departamento e área					
Departamento	Área	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora	
-	[5433] Escola Universitaria de Enfermaría [L]	27	0	0	
Profesorado de cada materia					
Código	Materia	Categoría	Número	Experiencia Docente	Experiencia Investigadora
G2032101	Anatomía Humana	N/A	1	0	0
G2032102	Bioloxía Humana	N/A	1	0	0
G2032103	Estatística	N/A	1	0	0
G2032104	Fisioloxía Humana I	N/A	2	0	0
G2032105	Ciencias Psicosociais Aplicadas	N/A	1	0	0
G2032106	Bioquímica	N/A	1	0	0
G2032107	Metodoloxía da Investigación	N/A	1	0	0
G2032108	Competencias Dixitais en Enfermería	N/A	1	0	0
G2032109	Fisioloxía Humana II	N/A	2	0	0
G2032110	Microbioloxía	N/A	1	0	0
G2032121	Fundamentos Históricos e Teóricos da Enfermaría	N/A	1	0	0
G2032122	Metodoloxía dos coidados de Enfermaría	N/A	1	0	0
G2031121	Procedementos básicos en Enfermaría	N/A	1	0	0
G2031142	Coidados de Enfermaría en Patoloxías Buco-Dentarias	N/A	1	0	0
G2031201	Informática Aplicada á Enfermaría	N/A	1	0	0
G2031202	Farmacoloxía	N/A	2	0	0
G2031203	Nutrición e Dietética	N/A	2	0	0
G2031221	Enfermaría Comunitaria I	N/A	1	0	0
G2031222	Prácticas Tuteladas I	N/A	1	0	0
G2031223	Enfermaría Clínica I	N/A	4	0	0
G2031224	Prácticas Tuteladas II	N/A	1	0	0
G2031225	Xestión sanitaria	N/A	1	0	0
G2031241	Técnicas Fisioterapéuticas Básicas	N/A	1	0	0
G2031245	Antropoloxía da Saúde	N/A	1	0	0
G2031246	Inglés Técnico	N/A	1	0	0
G2031248	Coñecementos de Enfermaría en Radioloxía Esp	N/A	2	0	0
G2031321	Aspectos Éticos Legais da Profesión	N/A	1	0	0
G2031322	Enfermaría do Ciclo Vital: Materno-Infantil	N/A	1	0	0
G2031323	Enfermaría Comunitaria II	N/A	2	0	0
G2031324	Prácticas Tuteladas III	N/A	1	0	0
G2031325	Enfermaría Clínica II	N/A	5	0	0
G2031326	Enfermaría do Ciclo Vital : Xeriatría	N/A	2	0	0
G2031327	Enfermaría do Ciclo Vital: Materno-Infantil	N/A	2	0	0
G2031328	Enfermaría da Saúde Mental	N/A	1	0	0
G2031329	Prácticas Tuteladas IV	N/A	1	0	0
G2031421	Prácticas Tuteladas V	N/A	1	0	0
G2031422	Prácticas Tuteladas VI	N/A	1	0	0

Fonte: Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado (Datos do curso 2021/2022 e 2022/2023 para a información sobre a 3ªed)

Informe elaborado a partir das seguintes fontes:

Base de datos de recursos humanos (PDI) actualizada a 01/07/2022 e 01/07/2023 para a información sobre a 3ª ed. Base de datos do Plan de Ordenación Docente actualizada a 26/01/2022 e a 19/01/2023 para a información sobre a 3ª ed

N/A: non aplicable

Grao en Enfermaría [I]

Táboa 28. Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN24G	Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total*	-	-	-	-	-	-	82.35 (3ªed)
		62.5	66.67	70.59	75.0	70.0	67.86	73.9

* Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título e que pode ter sexenios. Achega información sobre o perfil do profesorado da Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

Táboa 29. Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN25G	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total*	-	-	-	-	-	-	90 (3ªed)
		50.6	50.0	46.99	44.19	46.99	44.32	44.32

* Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado da Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

A existencia dun elevado número de profesardo con un perfil para o cal non é preciso ter o título de doutor está influindo claramente neste valor, destacando a partir do segundo curso.

Táboa 30. Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total

Código indicador	Nome indicador	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN26G	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	-	-	-	-	-	-	40 (3ªed)
		37.35	38.75	33.73	30.23	30.12	25.0	20.45

* Relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado da Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela.

3ªed: Novo plan de estudos. No curso 2022-23 corresponde ao primeiro curso do Grao en Enfermería.

As xubilacións dos últimos anos na Facultade, e a nova incorporación de PDI con categoría de profesores asociados ou axudantes explica os resultados dos indicadores mostrados, e pon de manifesto un valor moi por debaixo da media da USC. Tendo en conta que que na actualidade hai varios profesores en idade de xubilación, esta situación agrávase.

Na actualidade o número de profesores a tempo completo é insuficiente, isto verificase co número de horas do POD e a comparativa con outras titulacións da USC. Con respecto á materia do Traballo Fin de Grao, o número de alumnos/as que titoriza cada profesor de Grao en Enfermaría é moi elevado en relación con outras titulacións da mesma Universidade. (aprox 7-8 alumnos por profesor cada curso académico). Isto dificulta as tarefas de investigación. Por outra banda, as tarefas de xestión, que recaen sobre un reducido nº de profesores, e as modificacións e adaptacións derivadas da crise sanitaria están supoñendo un serio e importante desgaste para o profesorado.

A institución ofrece oportunidades ao profesorado da Facultade para actualizarse e continuar coa súa formación, sen embargo, a carga docente, os horarios, e o perfil de moitos profesores (Asociados P6), e outras obrigas, dificulta realizar esas accións.

Táboa 31. I6 Participación do PDI nos plans de formación. Facultade de Enfermería

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PDI NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso						
	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
	-	-	-	-	-	25.23	25.45

Grao en Enfermaría [I]

Dende o curso pasado, e moi relacionado co equipamento adquirido polos centros para a docencia interactiva, o profesorado do centro atópase nun proceso de formación e capacitación en Simulación Clínica.

Aínda que nos últimos anos produciuse un aumento do profesorado do Grao en Enfermaría en Santiago que participa en programas de mobilidade (Táboa 32) existe unha gran dificultade para acollerse a programas de mobilidade e estadias tanto en centros nacionais como estranxeiros debido á gran carga docente.

Táboa 32. I-10 Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título. Facultade de Enfermería

Curso 2017-2018		Curso 2018-2019		Curso 2019-2020		Curso 2020-2021		Curso 2021-2022		Curso 2022-2023	
Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total	Porcentaxe	PDI total
1.14%	88	2.00%	100	1.05%	95	6.52%	92	6.59	91	5.95%	84

A USC, ven facendo un esforzo cara o compromiso incluído na memoria 2016-2020, relativo á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado. Os procesos de estabilización do PDI na USC poderán influir positivamente a medio-longo prazo.

Na Escola de Enfermaría de Lugo, todo o profesorado ten unha formación específica da materia que imparte, ben porque teñan unha especialidade afín a materia, ou pola súa traxectoria profesional, tanto académica, investigadora e asistencial, que os avala para impartir a docencia.

O profesorado existente a tempo completo, aínda que e escaso, cobren a súa parte teórica e a correspondente a titorías; tendo que asumir así mesmo as Prácticas Tuteladas, como responsables destas materias; así como do seu control externo; ademais disto tamén realízanse tres xornadas no ano académico. Esta sobrecarga dificulta un apropiado desenvolvemento da carreira investigadora. A mobilidade do profesorado desta Escola non está contemplado dentro dos programas da USC.

A Escola mantén anualmente actividades de formación continuada para o seu persoal a través do SERGAS: cursos de formación e perfeccionamento, congresos nacionais e internacionais, así como colaboración en produción científica como revistas e outras publicacións.

Séguese aumentando o número de doutores e de profesores que están realizando a tese de doutoramento. Actualmente a Escola conta con 11 doctores e 8 doctorandos.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela

Táboa 33. Personal de Administración e Servizos Facultad de Enfermería

	Posto	Nº
Administración	Responsable de la Unidade de Xestión de Centros e Departamentos	1
	Responsable de Asuntos Económicos	1
	Secretaría decanato	1
	Posto base	1
Servizos	Conserxe Facultade Enfermería	1
	Oficial de servizos Facultade Enfermería	2
	Oficial de servizos Pavillón Docente Novoa Santos*	2
	Biblioteca*	9

*Compartidos coa la Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Tomando como referencia o número de alumnos co que conta o centro, as distintas titulacións, así como o volume de traballo xerado polas prácticas tuteladas, non se considera que o persoal de apoio, dedicado fundamentalmente á xestión e administración, sexa suficiente para desenvolver todas as funcións, tendo en conta ademais que, no centro, se van incrementando os procesos e se pretende unha mellora constante dos mesmos.

Nun esforzo por resolver na medida do posible a insuficiencia de persoal, temos a vontade de dirixir os nosos esforzos a lograr da unidade de xestión un equipo de traballo de persoas cada vez máis versátiles e polivalentes (evitando cada vez máis as especializacións), preparados para atender diferentes necesidades e funcións, evitando demoras nos procesos. O nivel de cualificación do persoal, favorecido polo interese na participación de cursos de formación, fai posible que este obxectivo se poida alcanzar.

Táboa 34. I7 Participación do PAS nos plans de formación. Facultade de Enfermería

PORCENTAJE DE PARTICIPACIÓN DO PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PAS que realizou algún curso						
	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
	85.71%	86.00%	66.67%	80.00%	83.33%	83.33%	66.67%

A Universidade de Santiago de Compostela, de cara a detectar as necesidades de formación solicita a cada unidade de traballo unha autoavaliación anual acompañada dunha proposta de actividades formativas que axuden a reducir as posibles eivas atopadas. O persoal de apoio acada uns niveis de formación satisfactorios. O número de efectivos é escaso, pero eficiente.

Escola Universitaria de Enfermería de Lugo

Táboa 35. Persoal de Administración y Servicios Escola Universitaria de Enfermería de Lugo

	Posto	Nº
Administración	Administrador/a*	1
	Auxiliar administrativo**	1
Servizos	Celadores**	2

*Que á súa vez é Director/a de Recursos Económicos da área sanitaria de Lugo, A Mariña y Monforte de Lemos.

**Persoal estatutario del Servicio Galego de Saude

Na Escola de Enfermería de Lugo o persoal de apoio é insuficiente para o volume de traballo que se realiza no centro, tendo que asumir parte destas funcións os profesores a dedicación completa. A formación realizada é a ofertada polo Sergas e a USC.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As infraestruturas da Facultade de Enfermería de Santiago non son as adecuadas polo grao de envellecemento do edificio. Esta deficiencia ven compensada coa utilización, para parte da docencia, do Aulario Novoa Santos situado preto do Hospital Clínico de Santiago. Vos profesores e alumnos deben desprazarse dun extremo a outro da cidade en función das súas actividades. Isto constitúe unha perda de tempo e dificulta a comunicación.

Recursos dispoñibles:

- a) Aulas de propósito xeral
- b) Aulas-seminario e laboratorios con dotación específica
- c) Espazos para traballo dos/as estudantes
- d) Outros espazos
- e) Biblioteca
- f) Recursos en rede para a docencia

Facultade de Enfermería de Santiago de Compostela

Os espazos da facultade de Enfermería distribúense entre a propia facultade, no centro histórico, e o Pavillón docente Novoa Santos, anexo ao Hospital Clínico Universitario e de titularidade compartida coa Facultade de Medicina. Hai cobertura de rede wifi en todos os edificios.

a) Aulas de propósito xeral

-Facultade de Enfermería: 3 aulas con capacidade para 70, 80 e 107 alumnos.

-Pavillón docente Novoa Santos: 2 aulas con capacidade para 120 alumnos cada unha.

Todas equipadas con computador, internet, proxector e pantalla.

b) Aulas seminario e laboratorios con dotación específica

Facultade de Enfermería:

-2 aulas con capacidade para 50 e 60 alumnos.

-Dous laboratorios de Bioloxía e Bioquímica

-Dous laboratorios de simulación básica de procedementos e técnicas de Enfermería dotados con material necesario para a aprendizaxe de competencias prácticas (material funxible, simuladores para inxección intramuscular, administración intravenosa, fonendoscopios, curas, etc.)

-Varias aulas de simulación dotadas con material para aprendizaxe de competencias prácticas de Enfermería (simuladores RCP adulta e pediátrica, material para intubación, balón resucitador, suturas, ostomías, etc.).

As prácticas de Anatomía realízanse nas salas da Facultade de Medicina.

Pavillón docente Novoa Santos:

-2 aulas con capacidade para 50 alumnos cada unha, 3 aulas con 16 postos cada unha, todas equipadas con computador, internet, proxector e pantalla.

-Tres aulas de simulación con material para aprendizaxe de competencias prácticas de Enfermería.

c) Espazos de traballo para os estudantes

Ademais dos 50 postos de lectura da Biblioteca, nela atópase un espazo reservado onde os estudantes poden reunirse para traballar en pequeno grupo. No Pavillón Docente Novoa Santos, dispónse dunha sala de lectura con espazos de traballo para os estudantes.

d) Outros espazos

-17 despachos individuais para profesorado.

-Conserxería, oficina de administración e secretaría.

-Sala de xuntas, sala de videoconferencias, sala de reunións, dirección e sala equipada con escáner corrector de exames tipo test.

-Sala "Isabel Zendal" para o alumnado, equipada con mesas, cadeiras, microondas e cafeteira.

-Dúas aulas de informática, cada unha con 20 postos individuais dotados de computador e acceso a internet.

e) Biblioteca e f) Recursos en rede para a docencia:

O Persoal docente e investigador e os estudantes do Grao en Enfermería contan coa biblioteca da Facultade de Enfermería, que forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) e reúne os recursos bibliográficos indispensables na Rama de coñecemento das Ciencias da Saúde.

Acceso e distribución de espazos:

A biblioteca conta cunha sede física e cunha sede virtual.

A sede física atópase na planta baixa do edificio da Facultade de Enfermería e dispón dunha superficie de 248 m².

Pon ao dispor dos seus usuarios as seguintes salas: Sala de lectura, dotada con 50 postos de lectura nunha sala colectiva; Sala de Traballo en grupo, con 6 postos de traballo; Depósito, coas coleccións actuais de libros e revistas de máis uso en libre acceso; Área de traballos técnicos e de servizos de atención ao público, información e atención ao usuario, proceso técnico, etc.

Grao en Enfermaría [I]

Equipamento: 1 escáner de uso interno, 2 PCs para consulta do catálogo da BUSC, 2 PCs para consulta de bases de datos e Internet, 1 Fotocopiadora de uso público e 3 computadores portátiles para préstamo.

As instalacións dispoñen de rede wifi e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica.

A sede virtual é accesible na dirección <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/biblioteca-universitaria>

Nela póñense ao dispor dos usuarios, en todo momento e lugar, os servizos e os recursos que a biblioteca ofrece en formato electrónico: normativa e información xeral, información e referencia, catálogo xeral, préstamo interbibliotecario e acceso ao documento, acceso aos recursos electrónicos propios e consorciados (bases de datos, publicacións periódicas, monografías, xestor bibliográfico), acceso ao Repositorio institucional Minerva, etc.

Escola Universitaria de Enfermería de Lugo

Na Escola Universitaria de Lugo, a información sobre infraestruturas e servizos dos que dispón a Escola está recollida na páxina web do centro e pódese consultar no seguinte vínculo:

http://www.usc.es/es/centros/enfermaria_lugo/infraestructuras.html

Servizos de orientación

Os Servizos de orientación están por unha parte centralizados na Universidade, na Oficina de Información Universitaria (<http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/>) e teñen unha recoñecida competencia. Por outra parte a Escola tamén orienta aos estudantes a través da dirección, profesorado a dedicación completa e a Unidade Administrativa.

A Escola Universitaria de Enfermería de Lugo, é un dos 4 edificios que forman o “Complejo Docente” pertencente ao Campus de Lugo. É un edificio moderno e funcional de tres plantas, que ocupa unha superficie aproximada de 1500 m², está rodeado de amplos xardíns e dispón de prazas de aparcamento. Está situada nunha contorna con abundantes instalacións deportivas: Palacio dos Deportes, pistas de atletismo, piscina universitaria, e moi preto da Biblioteca Intercentros de Lugo.

O Complejo Docente está formado por: Facultade de Humanidades, Escola de Relacións Laborais, Escola de Enfermería e Aulario. O aulario é un edificio de uso común utilizado conxuntamente entre os tres centros universitarios, comunicándose con eles por un túnel acristalado. Hai cobertura de rede wifi en todos os edificios.

a) Aulas de propósito xeral

Aulario: dúas aulas de 140 postos cada unha, unha aula de 104 postos e dúas aulas máis compartidas con outro centro.

Tamen existe unha aula de 72 postos.

Todas con computador, pantalla, proxector e encerado.

b) Aulas seminario e laboratorios con dotación específica

Planta baixa:

-2 aulas de 63 m² e capacidade para 40 estudantes cada unha, con computador, proxector e pantalla. Empregadas para docencia interactiva (seminarios e laboratorios) a pequenos grupos de estudantes.

-Sala de simulación 1: cunha superficie de 63 m² e capacidade para 26 estudantes. Nela atópase todo o material necesario para a aprendizaxe de competencias prácticas (material funxible, simuladores para inxección intramuscular, administración intravenosa, fonendoscopios, curas, etc.)

-Sala de simulación 2: cunha superficie de 63 m² e capacidade para 18 estudantes. Nela atópase todo o material necesario para a aprendizaxe de competencias prácticas (maquetas anatómicas, simuladores RCP, material para intubación, balón resucitador, etc.).

c) Espazos de traballo para os estudantes

-Existe unha biblioteca dentro da Escola, específica para os nosos alumnos como zona de estudo, dotada de computadores.

d) Outros espazos

-10 despachos individuais de 10 m² e 8 despachos dobres de 18 m².

-Oficina de administración e secretaría, un despacho dobre, tres despachos individuais, arquivo, sala de xuntas e dirección.

Grao en Enfermaría [I]

- Aula de videoconferencia con 20 postos, computador, internet e sistema de videoconferencia.
- Salón de graos con 54 postos e salón de actos con 188 postos, ambos os compartidos con outros dous centros.

e) Biblioteca e f) Recursos en rede para a docencia

A biblioteca Intercentros do Campus de Lugo é o edificio central do campus e ocupa unha superficie de 10000 m², repartidos en catro plantas. Conta con máis de 1600 postos de lectura, repartidos en 5 salas de estudo, aula informática, sala de traballo en grupo, sala de investigadores e hemeroteca. A conexión wifi que dá acceso á colección dixital complementa a colección en formato impreso que nun 90% está en acceso directo nas salas de estudo.

